

O GATOPARDO

Luchino Visconti, 1963

1561

ESTREA EN NUMAX: 28.07.2025 | V.O.S.E. | 186 min

É a época da unificación de Italia arredor do Piamonte, cuxo artífice foi Cavour. A acción desenvólvese en Palermo e os protagonistas son don Fabrizio, Príncipe de Salina (Burt Lancaster), e a súa familia, cuxa vida se ve alterada tras a invasión de Sicilia polas tropas de Garibaldi (1860). Para se afastar dos disturbios, a familia refúxíase na casa de campo que posúe en Donnafugata en compañía do mozo Tancredi (Alain Delon), sobriño predilecto de Don Frabrizio e simpatizando do movemento liberal de unificación.

O filme terá dúas proxeccións no ciclo 10/10. As espectadoras presentan no que, dentro da celebración do décimo aniversario da cooperativa, convidamos as dez usuarias máis habituais da sala a seleccionar e programar unha película. Neste caso a programadora é Marta García-Brabo Beiras, que argumenta a súa escolla como desta maneira:

«Non recordo exactamente a primeira vez que vin "O gatopardo" pero sei que foi na adolescencia, na TV da casa e vina moitas veces. O meu pai era moi afeccionado ao cinema e tiña unha boa colección de películas en cintas de video. "O gatopardo" era unha delas e impresionoume xa daquela. Cando recibín o correo de NUMAX pedíndome que elixira unha película estaba nunha viaxe a Palermo e non tiven que pensar... pero pensei... Agora que xa teño unha idade importante, de súpeto sentínme moi identificada co príncipe de Salinas. Sinto que eu tamén estou asistindo a un cambio de ciclo dos valores nos que fun educada. O mundo que eu coñecía está mudando estrepitosamente e ás veces cústame enténdelo. Pero a razón máis importante de propoñer esta peli é poder ver en pantalla grande ese movemento de visillos...»



Unha era que esvaece

Por Dolores Sarto

O encontro era inevitable. O Príncipe de Salina achégase ao espello e contéplase. A súa emoción é intensa, a mirada desfáiselle e unha bágoa termina por percorrer o seu rostro. É a nostalxia. Por unha mocidade perdida, por un mundo coñecido que se desmorona ao seu ao redor, por un amor ao que chegou tarde. E é a certeza de saberse preto dunha morte á que xa non será posible desdeñar. Un regueiro de orinais desbordados lémbrenlle que debe recuperar a súa dignidade e liscar dunha festa onde un par de parellas apuran unha polca de maneira febril. Coma se non quixesen que chegase o día e con el, rompese o encanto dunha era que esvaece e onde se sentiron felices e privilexiados.

Poucos instantes hai no cinema tan suxestivos e poderosos como este, logrado por un dos cineastas máis cultos e fascinantes, Luchino Visconti. Aquela secuencia é un momento no que o tempo se detén para resumir a esencia desta obra mestra e da sensibilidade dun cineasta nado na aristocracia milanesa. Un artista que andou nunha contradición existencial, entre o seu compromiso ideolóxico marxista e a súa inclinación emocional cara ao que representaba a súa condición social. E *O gatopardo* é como un reflexo destas turbulencias interiores que alimentaban a súa creatividade. A secuencia é tamén un auténtico prodixio da interpretación, posta en escena por un actor norteamericano que está maxestoso, impresionante, emocionante na pel do protagonista, un nobre siciliano. Referímonos a un Burt Lancaster impagable, na mellor interpretación da súa carreira.

É moi difícil resumir todas as calidades que reúne esta cinta inesquecible de Visconti, pero hai trazos dunha sensibilidade estética que resultan sempre desconcertantes, non importa as veces que se gozou dela. Por exemplo, os monólogos nostálxicos do vello Fabrizio. Un home que “perdeu por completo as ilusións”, incapaz de sobrepoñerse á decadencia que profetiza, pero que encerra unha visión lúcida e acertada da complexidade da Historia, da existencia e das paixóns que se esgotan. E tamén da alma dos sicilianos, un pobo “acabado, desfeito, aburrido, que vive nun prolongado soño e odiará a todo aquel que o esparte”.

O sentido da estética de Visconti é estarrecedor. O preciosismo en todos e cada un dos detalles cos que tenta recuperar unha época déixase ver na recreación dos diferentes ambientes, nas mesas suntuosas, nas labirínticas e desérticas habitacións onde os novos protagonistas fan o amor ás agachadas. Por non falar do que despreza a través do seu fino sentido do humor, como a relación que Fabrizio mantén coa súa esposa ou o retrato caricaturesco que se fai do avaro Don Caloggero, pai de Angélica.

A segunda parte da película é unha das máis celebradas. Mentres Visconti retrata uns campesiños afanándose na terra, a ritmo de valse, entronca coa longuíssima escena do baile en Palermo. Nunca a decadencia dunha era que chega á súa fin tivo un retrato máis esplendoroso, crítico e agonizante que nesta mascarada do luxo e dos bos costumes. Como apuntaron os críticos da época, é ademais expresión do cinema concibido como un espectáculo de Ópera (Visconti preparou ao longo da súa vida numerosas montaxes para o teatro lírico) e a súa paixón cara á música tamén se deixa ver na selección de pezas musicais, pero en especial, na inesquecible banda sonora composta por Nino Rota.